

**PROPOSTA** O Pino acolle hoxe a II Festa da Narración Oral de Galiza, unha iniciativa que trata de promover a recuperación do protagonismo do conto, concibido como parte do patrimonio inmaterial

# Espazos para a palabra

**A xornada inclúe a actuación de Paula Carballera, Quico Cadaval, Cándido Pazó e Xurxo Souto**


M. Dopeiro • Santiago

Promover a palabra. A oralidade. O hábito de xuntarse só para contar e escutar historias. É o obxectivo da II Festa da Narración Oral de Galiza, que se celebra hoxe en Arca, no concello do Pino.

"Escolleuse Arca porque está na última etapa do Camiño de Santiago, e porque é unha vila en expansión na que xa non nos coñecemos todos coma antes, entón precisamos buscar formas de cohesionar a xente se non queremos que se converta nun simple lugar para vir durmir", explicou Paco Veiga, membro de Nova Escola Galega, a entidade organizadora, xunto ao colectivo Tatalo, deste evento.

"A festa serve para darlleles soporte ás actividades de formación do profesorado de Nova Escola Galega. Pero non só iso. Galiza é un país punteiro en patrimonio inmaterial, do que a narración oral forma parte. Os tempos mudaron, polo que o noso proxecto non se corresponde de cunha idea bucólica dos contos nas casas, senón que trata de contribuir a recuperar o protagonismo do patrimonio inmaterial, pero doutro xeito: noutro ambiente, lugar e momento", matizou.

Así, a II Festa da Narración Oral comezará no centro sociocultural Luís Seoane cunha xornada sobre a oralidade para profesores e educa-



Imaxe de programa da II Festa da Narración Oral

QUICO CADAVAL

## "A tradición non o é todo"

"O que facemos son espectáculos da palabra. A tradición non o é todo nisto. Non é casualidade que veñamos, moitos, do teatro. Antes era un acto doméstico, e enantes eran variaxes que podían ter que a modernidade chegase tarde a

Galiza está esta heranza: hoxe hai nenos que lle piden coritos ao avó. A cousa está ben porque non fan falta iniciativas: nós levarmos desde o 94 actuando nas escuelas, bares, nalgún acto oficial...", comentou Quico Cadaval.

dores. Ás 19.00 horas iniciarase unha sesión de contacontos, na que actuarán Paula Carballera, Quico Cadaval, Cándido Pazó e Xurxo Souto, e á que o dúo Espido lle porá o contrapunto musical. Ás 22.30 botará a andar a terceira parte da festa: os contacontos nos bares de Arca, animados por Eva Varela, Róber Bodegas, Celso Sanmartín e Carlos Santiago, nos que participarán as persoas inscritas para tal fin e os espontáneos que se animen.

Paula Carballera intervirá nesta festa tamén pola mañá, cunha conferencia a partir das 16.00 horas. "Vou falar sobre como na vida cada un vai atopando o seu camiño para contar. Todos contamos contos. A diferenza está en contarlos a xente que coñeces, ou a xente que non coñeces de nada, nunha situación que se formula como un espectáculo", adiantou.

"En realidade nunca se perdeu a oralidade no sentido de que sempre falamos. Agora hai moitas iniciativas para tentar recuperar, iso si, un feito tan natural como é unha reunión para contar contos. Fanse contacontos nos centros de ensino, bibliotecas, centros de ocio, bares, festas... En Galiza non hai moitos festivais de contacontos, se cadra porque nos custa organizarnos, e incluímos. Pero os narradores galegos están moi recoñecidos en Galiza e fóra dela, en parte por de onde vimos: tenem unha tradición oral viva, non tan rica como foi, pero viva. O que falta é unha concepción do conto como algo para todo o mundo, e non só para nenos, e dun conto variado, e non só monólogo cómico ou contacontos infantil de animación á lectura", cre. ●

CÁNDIDO PAZÓ

## A consideración de arte escénica

"A Festa da Narración Oral é unha das poucas iniciativas específicas sobre o mundo da palabra feita espectáculo que temos. Si se inclúen espectáculos orais en xornadas, actividades dos concellos... Entre o 2000 e o 2004 estivo moi de moda o monólogo cómico, polo programa *El Club de la Comedia*. Despois non tanto, pero quedou o máis sólido: o recoñecemento do noso oficio como unha arte escénica cos que se conta nas programacións culturais", sublinhou O actor e director de teatro Cándido Pazó.

## Comunicación directa

"Usamos como ferramenta a tradición, pero temos que ser capaces de reunir e transformar un material que se poída comunicar. Os contadores de hoxe temos moi en conta o sentido do espectáculo. Comparados cos portugueses, os galegos somos menos recoñecedores de contos nun sentido antropolóxico, pero estamos mellor preparados, por vir do teatro, para o espectáculo. Somos conteiros híbridos: non conteiros puros... O conto gusta porque é comunicación directa e falar é o que nos fai humanos...", cre Pazó.